


A HISTORIA NUN DÍA

Desde que os primeiros antepasados nosos (teus: ti es un Homo Sapiens) andaban polas terras africanas ata hoxe pasaron xa máis de 2 millóns de anos, é dicir, 72 millóns de días, 1 billón 728 millóns de horas, un montón de minutos ,..... unha porrada de segundos. Pasou moito tempo.

Desde aquela o home predeu lume, inventou a roda (e tamén a bomba atómica), aprendeu a cultivar e domesticar gando, aprendeu a ler e escribir, construiu cidades (e botou abaixo tamén algunhas), elevou pirámides, fixo mil e unha guerras, firmou a paz outras tantas veces, descubriu terras, navegou polos océanos e mares (algunha vez naufragou), adorou a deuses e deusas, formou imperios ...

Se todos eses anos os poidéramos reducir a 24 horas, a só un día ésta sería a súa historia.



“ O home (ou a muller) naceu ás 0 horas e andivo cazando, recolectando e pescando dun lugar a outro vivindo en chozas ou caverna sen lugar fixo onde habitar. (**PALEOLÍTICO**). Así estivo ata as 16 horas e 45 minutos daquel día.

Nesta hora, o home (e a muller) aprendeu a cultivar e domesticar os animais, e empezou a vivir nun lugar fixo. Así empezou a construír aldeas, pobos, cidades. (**NEOLÍTICO**)

Pero non soubo ler nen escribir ata as 8 da tarde. Empezaba o período histórico, a **IDADE ANTIGA**. Desde ese momento e durante 3 horas máis, construiu pirámides, dólmenes, castros, formáronse as civilizacións grega e romana, viviron personaxes coma Pericles, Ramsés II, Aristóteles, Alexandre Magno, Buda, Xesucristo, César,




As pirámides de Exipto

A Acrópole de Atenas


O Coliseo de Roma



Ramsés II



Pericles



Xulio César



Alexandre Magno


Ás 11 da noite, o maior imperio máis poderoso (o imperio romano) cae, desaparece , vense abaixo e comenza unha nova era: a **IDADE MEDIA**: Señores e campesiños, cabaleiros medievais coas súas lanzas e armaduras, castelos e mosteiros, Carlomagno e Ricardo Corazón de León, Marco Polo, Almanzor e Alfonso X o Sabio, cristiáns e musulmáns, Mahoma, o Camiño de Santiago , a Guerra dos 100 anos,....



Cabaleiros




Castelos



Carlomagno



Marco Polo



Afonso X o Sabio

Sobre as 12 menos cuarto, Cristóbal Colón descubre América e os turcos conquistan Constantinopla. Comenza a **IDADE MODERNA**: o home navega e conquista terras por todo o mundo: Asia, América, África. España forma un Imperio onde nunca se poñía o sol, os piratas e bucaeiros asaltaban barcos cheos de ouro, prata e xoias, a cristiandade pártese en dúas,



Cristóbal Colón descubriu América o 12 de outubro de 1492

Faltan 5 minutos para acabar o día e en Francia faise unha revolución: empeza a **IDADE CONTEMPORÁNEA**. Liberdade, democracia, tecnoloxía, vacinas, máquina de vapor, motor de combustión, enerxía eléctrica, educación, coches, avións, o home pisa a lúa, xogamos ao fútbol, vemos a TV, escoitamos a radio, ordenadores, internet,..... Pero tamén a bomba atómica, matamos a máis xente nas guerras que nas 23 horas e 55 minutos anteriores, dictaduras, morren millóns de persoas de fame, “

Estamos no ano 2012, son as 12 da noite. ¿ Que nos deparará o novo día ?

ACTIVIDADE: Divide este reloxo de 24 horas en cada un dos períodos históricos, pintando cada un dunha cor diferente e marca estes acontecementos:

Homo Sapiens - Nace a agricultura e gandería - Aparece a escritura -
Caída do Imperio Romano – Descubremento de América - Revolución Francesa

